



Expediente número: PLN/2019/17

BORRADOR ACTA

Sesión Ordinaria 16/2019 celebrada polo
Pleno do Concello o día 28 de novembro de 2019

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 15/2019 do 31/10/2019**
- 2. Aprobación da Modificación Presupuestaria MC 38/2019.SC01/19**
- 3. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI**
- 4. Incremento do Importe Global das Gratificacións V**

PARTE DE CONTROL

- 5. Dar Conta das Resolucións Inclusión Investimentos en Liña 1 Plan Concellos 2017**
- 6. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 37/2019.GC13/19**
- 7. Actividades de control do pleno.**
 - 7 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
 - 7 . 2 Mocións.**
 - 7 . 3 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2019/3410 de data 25 de novembro de 2019, e sendo as vinte horas do 28 de novembro de 2019 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa





Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

GRUPO MUNICIPAL PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS





ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

**GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE REDONDELA
(BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

- 1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.
- 2) Faise un receso ás 21:55 horas. Retomase o Pleno ás 22:15 horas

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 15/2019 do 31/10/2019

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 15/2019 do 31/10/2019.

INTERVENCIÓNS:

González Campos, solicita cambio na moción sobre a automoción, aparece rexionalista e debe dicir nacionalista.

VOTACIÓN E ACORDO:





Sometido a votación o mencionado borrador, coa modificación proposta polo BNG, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

2. Aprobación da Modificación Presupuestaria MC 38/2019.SC01/19

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda de data 25/11/2019, que di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma suplemento de crédito, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento a baixa de crédito.

Visto o informe da Intervención de 21 de novembro de 2019 con referencia ASR-21.11.19.1 con cinco páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o suplemento de crédito:

Suplemento de Crédito

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
0111A/912000 5	Amortización do préstamo La Caixa	277.569,50 €	227.996,52 €	505.566,02 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”





INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro lee a memoria da Alcaldía, solicítase a aprobación desta modificación, xa que é unha cuestión técnica.

O Sr. González, expón que non é unha cuestión meramente técnica, que ten unha compoñente tamén política moi relevante. O que se pretende é que parte do remanente, sobrante dunha obra sirva para amortizar un préstamo con Caixabank porque é o que tén o tipo de xuro máis elevado. O remanente se pode reinvestir en obras, pero dende o ano 2012 hai un control moi exhaustivo sobre o gasto das corporacións locais, o que impide realizar novos investimentos con facilidade, nos últimos anos o que hai son recomendacións. Hai unha posibilidade de que ese sobrante se poida reinvestir en investimentos ou incluso gasto social, o que pasa e que os tempos agora están esgotados.

No se pode facer como o grupo popular un uso electoralista do remanente. Queremos avisar que haxa un cambio de rumbo político do novo goberno, que se estuden inversións e a final de ano se poidan reinvestir, habendo máis tempo para poder facelo.

O Sr. Villar, di que hai un informe de intervención que non deixa lugar a dúbidas, aínda que non hai lei si se interpretou polo Ministerio de Facenda, a este suposto. Nos vemos nunha mala xestión nas obras de Cidadelle, porque se dixo que estaban os cartos pero non estaban as xestións feitas.

A Sra. Amoedo, como leu a Concelleira de Facenda que non foi quen de facer unha argumentación política, e falou como unha funcionaria. Dende outubro que se certificou o final de esta obra, o máis fácil é levar o remanente é amortizar o remanente. Pero si hai tempo para facer a correr unha obra no concello, porque é unha obra de fotocall pero descoidan as obras das parroquias, como a área recreativa de Negros, a casa da cultura de Quintela, ou a ponte de Saxamonde.

Acordaron formar un goberno en minoría e son incapaces de levar a cabo estas obras xa proxectadas, adxudicadas,... para o concello si que hai tempo pero nas parroquias aínda están esperando por vostedes os veciños. Este remanente ven da boa xestión do goberno do partido popular. Cantidades que a ver se vostedes son quen de conseguir na liquidación deste ano.

A Sra. Castro, di que son políticos e non van a actuar como técnicos, que as obras no Concello se fixeron coas baixas do plan concellos do 2017, se acordou facer obras de pequeno calado para cumprir cos prazos que rematan en novembro de 2019.





Non se trata de poñer bonito o concello, senón de poñelo en condicións de salubridade e accesibilidade. No Concello traballan persoas e entran moitas persoas que teñen dereito a ter estas condicións. Non existía no concello un aseo para persoas con discapacidade.

Como xa expresa na memoria elaborada polo servizo de intervención, a partir do ano 2015 se permite unha excepcionalidade, para investimentos financeiramente sostibles. O que se pretende e facer é unha amortización anticipada para non afectar as inversións do ano que ven e esta modificación non afecta a estabilidade orzamentaria.

Esta obra se adxudicou por 547.000, tivo modificacións posteriores e foi a 29 de outubro o momento de reasignar.

Sr. González, o tema de Saxamonde se iniciou en 2015, fixeron dous proxectos, todo eran problemas e se botaron catro anos para licitar. Houbo unha empresa que gañou pero renunciou.

Tamén hai posibilidade de volver a facer unha reinversión, cunha previsión de tempo suficiente. Non se poden facer apertura de obras electoralistas. Se van abster, e insiste en que hai que darlle un cambio de rumbo .

O Sr. Villar di que non é un ser superior e que meterá a pata como concelleiro, que son veciños cansados do que se facía neste concello.

A Sra. Amoedo, vostede se cree co poder da razón, ven a dar leccións de como se ten que facer o goberno e a oposición, son vostedes agora unha extensión do partido socialista, están vostedes a facer cousas dentro do concello que antes poría o grito no ceo, agor calan, e se esquecen dos seus principios e Sra. Castro, minte o concello era accesible, tiña unha rampla, un ascensor, se quitaron as portas pequenas para as persoas con mobilidade reducida. Viñan a traballar para os veciños e non traballan para as parroquias. Se puxeran interese en poñer en marcha as obras de Quintela se faría. Chegaron con moita soberbia, se encontraron cunha morea de obras. A obra de Saxamonde é unha obra de moita dificultade pero hai que estar enriba dela.

Sra. Castro, di que o partido popular sacaba obras para un puñadiño de votos nas eleccións, que as presas nunca foron boas conselleiras, e aprobaron proxectos que estaban moi pouco traballados e obras de moi difícil execución e dille a Sra. Amoedo que non se preocupe, que están a traballar para solucionar este problemas.

VOTACIÓN E ACORDO:





Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 02 abstencións do BNG.

3. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda de data 25/11/2019, que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21 de novembro de 2019, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente aprobando no seu caso, facturas, certificacións de obras ou documentos análogos que supoñen gastos por importe total de 235,56 € euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2019:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic.	Orzamentaria
RECAMBIOS OCHOA, S.L.	16375	19/12/2018	13,49 €		1531A.2140000
RECAMBIOS OCHOA, S.L.	16376	19/12/2018	39,46 €		1531A.2140000
RECAMBIOS OCHOA, S.L.	16377	19/12/2018	47,49 €		1531A.2140000
RECAMBIOS OCHOA, S.L.	16378	19/12/2018	20,18 €		1531A.2140000
SOCIEDADE XERAL DE	11905023	11/09/2019	114,94		3341A.2090000





AUTORES E EDITORES
SGAE

51

€

”

INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro, lee a proposta.

O Sr. González, non hai intervención.

A Sra. Amoedo, di que non sabe a concelleira por qué trae a factura ao pleno, xa que está preguntando ao Sr. Interventor

A Sra. Alcaldesa di que solo foi unha aclaración.

A Sra. Castro di que xa se viu na comisión informativa.

A Sra. Amoedo, di que este é un pleno público e os veciños teñen dereito a saber cal é a factura que trae a recoñecemento porque non estiveron na comisión.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

4. Incremento do Importe Global das Gratificacións V

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda de data 25/11/2019, que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar tras a nómina de setembro.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.





No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 1.619,47 € non é suficiente para dar cobertura a todas as gratificacións propostas, xa que o importe total que se precisa é de 5.423,90 €. Pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de medio ambiente (564,19 €) e servizo eléctrico (95,97 €) así como importe correspondente ao mes de agosto de dous policía que por un erro, o mes pasado incluíranse coma persoal laboral (730,24 €).

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-21.11.19.2 de 21 de novembro que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 99.349,90 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro, lee a proposta.

O Sr. González, di que se van a abster, insisten no tema da planificación, pero que é unha partida pequena a final de ano, non van a obstaculizar que os traballadores cobren.

A Sra. Couñago, antes de explicar o incremento das gratificacións manifesta que quería deixar dúas cousas claras.

A Sra. Amoedo, manifesta a súa protesta porque se sae do tema.

A Sra. Alcaldesa dille que non ten a palabra.

A Sra. Couñago, pide que se lle amplíe o tempo.

A Sra. Alcaldesa, admite.





A Sra. Couñago, lle parece unha falta de respecto que se lle interrompa. As comisións se ven os datos do expediente e hai que traballar. Hai un pleno en xuño de 2019 xa había de gratificacións 73.000 euros, máis de 7.500 euros ao mes, cando gobernaba o PP. É un dereito dos traballadores, votaba en contra AER, negociou o PP unilateralmente cos sindicatos o aumento das horas extras e as horas triplas, opción que se votou a favor polo PP, PSOE e BNG e en contra por AER, e agora bota as mans a cabeza. As horas da policía local da terceira quenda, é a contía máis avultada. É necesario facer outra planificación polo xefe da policía local. Hai meses que están mais que xustificadas as horas da terceira quenda pero en este mes de outubro non houbo nada especial para estas horas triplas. Avogamos pola responsabilidade política e especialmente aos grupos que votaron a favor en xuño de 2017 e agora non se absteñan.

O Sr. Crespo, di que os veciños non acoden ás comisións, aquí hai que falar para que escoiten. Non hai excusas dos cambios de posición de agora. Non hai cartos para cobrar todas as horas extras do mes de outubro, pero non todos os traballadores van a poder cobrar, pregunta qué vai pasar con estes traballadores. Tendo en conta que aínda non rematou o ano.

O informe do interventor acredita que a xestión é un desastre. Foi pouco prudente dicir que os que estamos deste lado non sabemos sumar, o informe do interventor deixa ben claro que sabe e quen non sabe sumar.

A Sra. Castro, di que este tema é recorrente, que o informe que fai referencia hai horas da policía local que non están incorporadas, esas horas suman 5.712 euros. As horas de decembro de 2018, se inclúen en 2019. Non me faga sumar esas cantidades. Respecto as horas pendentes, está solicitado un informe a intervención, horas de descanso, hai que estudar a mellor das posibilidades. Este servizo da policía local vai sufrir un importante cambio no próximo ano.

O Sr. González, di que se pretenden dar leccións de moralidade e que non falamos nas comisións, o BNG presentou unha serie de cuestións que se falon despois co interventor. AER, fixo na comisión o que está reprochando agora, non abriu a boca. O BNG asumiu a proposta sobre as horas extra porque se presentou como resultado da negociación colectiva. Non apoian a xestión do PP, antes había moitas horas de diversos departamentos, en Redondela non hai traballadores suficientes para prestar os servizos públicos.

A Sra. Couñago, di que o que falou non era en referencia ao bloque, pero si se deu por aludido non teño nada que dicir. Respecto ao que di o compañeiro do PP lle chama a atención o contido do informe da intervención, porque non ten nada de especial, o seu contido é como os anteriores, o que hai de excepcional é a contía. Están de acordo co bng respecto a necesidade de planificación...

O Sr. Crespo, expón que en todos os informes do interventor avisa que estábamos facendo camiño para chegar a isto, xa estamos moi por riba dos





anos anteriores, vamos 25.000 por riba. Que digan que van facer coa xente que van a quedar sen cobrar este mes e o seguinte.

A Sra. Castro, explica que se está estudando como abonar estas cantidades pendentes. Estes 65.712 euros son a suma das horas extraordinarias feitas de xaneiro a maio. As horas extras da policía local viñan con atraso. As opcións son aprobar, non aprobar ou absterse.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 10 votos a favor (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 11 abstencións (09 do PP e 02 do BNG).

5. Dar Conta das Resolucións Inclusión Investimentos en Liña 1 Plan Concellos 2017

Vista a proposta de Alcaldía de data 07/11/2019, que di:

Vistas as Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOP núm. 249 do 30 de decembro de 2016.

Vistas as resolucións desta Alcaldía núm. 72/2019, 2720/2019, 2765/2019, 2777/2019, 2761/2019, 2763/2019, 2773/2019 e a resolución da Concellería de Novas Tecnoloxías núm. 1/2019 polas que se acordou incluír no Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2017 diferentes investimentos para o seu financiamento con cargo as baixas producidas na adxudicación doutros investimento executados e financiados con cargo a este Plan.

Considerando que a Deputación Provincial de Pontevedra esixe que, xunto coa documentación xustificativa dos investimentos financiados con cargo o Plan Concellos 2017, se acredite ter dado conta ao Pleno das resolucións polas que se acordou a inclusión dos mesmos no referido plan, esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno,

Primeiro.- Dar conta das seguintes resolucións da Alcaldía relativas á Liña 1 Investimentos do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra:

- Resolución núm. 72/2019 de data 11.01.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:





“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a obra de Pavimentación e canalización en subida ao Pousadouro, Reboreda, Redondela, *cun orzamento de 54.204,04 euros, IVE engadido.(…)*”

- Resolución núm. 2720/2019 de data 24.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, o investimento denominado Subministración de transeptores e accesorios para rede de comunicacións de diversos servizos municipais do Concello de Redondela, *cun orzamento de 18.077,40 euros, IVE engadido.(…)*”

- Resolución núm. 2761/2019 de data 26.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a obra denominada Acondicionamento e mellora de camiños en Cedeira, Chapela e O Viso, Redondela, *cun orzamento de 22.406,53 euros, IVE engadido.(…)*”

- Resolución núm. 2763/2019 de data 26.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a Subministración de equipos e accesorios para erradicar a avéspera asiática no Concello de Redondela, *cun orzamento de 6.158,90 euros, IVE engadido.(…)*”

- Resolución núm. 2765/2019 de data 27.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a Subministración de dúas pizarras dixitais para o Conservatorio municipal "Víctor Ureña", Redondela, *cun orzamento de 11.495,00 euros, IVE engadido.(…)*”

- Resolución núm. 2777/2019 de data 30.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a obra de Reforma e ampliación do Rexistro e adaptación de aseo na Casa do Concello de Redondela, *cun orzamento de 48.387,59 euros, IVE engadido.(…)*”





- Resolución núm. 2773/2019 de data 30.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a Subministración mobiliario urbano, bancos, cadeiras e mesa para instalar na rúa Ribeira, praza Constitución e rúa Alfonso XII, Redondela , *cun orzamento de 11.664,40 euros, IVE engadido.* (…)”

Segundo.- Dar conta da seguinte resolución da Concellería de Novas Tecnoloxías relativa á Liña 1 Investimentos do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra:

- Resolución núm. 1/2019 de data 24.09.2019, onde se resolve, entre outros, o seguinte:

“(…) Primeiro.- Realizar con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017 da *Deputación Provincial de Pontevedra*, a obra de Subministración de equipos informáticos monousuario, compoñentes e periféricos para o Concello de Redondela, *cun orzamento de 18.143,95 euros, IVE engadido.*(…)”

O Pleno do Concello queda informado.

6. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 37/2019.GC13/19

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 37/2019.GC13/19 mediante a xeración de crédito por importe de 11.664 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 06/11/2019

O Pleno do concello quedou informado do expediente administrativo de modificación de crédito, anteriormente relacionado.

7. Actividades de control do pleno.





7 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

7 . 2 Mocións.

7.2.1 Moción do BNG sobre 25 novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

ANTECEDENTES:

Moción do BNG relativa sobre 25 novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero., con entrada no Concello o día 13.11.2019 con número 2019-E-RE-2.711 que se transcribe a continuación:

“Cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a vixencia da violencia machista e do sistema patriarcal. Así mesmo, o feminismo galego volta saír á rúa como cada vez que somos asasinadas ou agredidas.

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio e diante do que os titulares, minutos de silencio e declaracións institucionais de cada 25 de novembro son insuficientes.

Historicamente a violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada e os avances que temos dado responden á capacidade transformadora do feminismo e dos movementos de mulleres en Galiza e no resto do mundo. Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, fica moito por facer. É clave aumentar os recursos dispoñíbeis e é clave tamén visibilizar todo tipo de violencias machistas.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen





experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, o goberno Feijóo non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumplir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1. O concello de Redondela elaborará un protocolo transversal, debatido e acordado por todos os axentes implicados para a prevención e actuación en casos de violencia sexual.

2. Demandar da Xunta de Galiza:

2.1 O incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2020 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.2. Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.





e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.

3. Demandar do goberno central as seguintes medidas para avanzar no recoñecemento da violencia sexual como violencia machista:

a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.”

INTERVENCIONS:

A sra. Garcia, pon de manifesto que hai mais de 1.023 femicidios dende o ano 2003, que as mulleres somos maltratadas, violadas... e este tipo de violencia ten sido infravalorada, ocultada, e gracias aos movementos feministas, ou campañas como as do concello de Pontevedra, o caso Diana Quer, a reacción contra a sentenza de “A Manada”. Hai un 20% das agresións sexuais que non son denunciadas, na Galiza cada día denunciouse 1,5 violación. Datos Cataluña, violacións son realizadas por coñecidos, poñer enriba da mesa a violacións sexuais.

A sra. Couñago, vai ler unhas frases contra a violencia de xénero e dar unha interpretación dende o punto de vista das mulleres, lee en primeira persoa na súa condición de muller.

“Somos a voz das que xa non están. Son muller e vou a falar como muller, dende logo a miña pretensión non é abandeirar o movemento feminista, porque entendo que non o merezo, pero si unha muller que dentro das súas posibilidades pon o seu gran de area para defender os dereitos da muller e para





intentar erradicar a discriminación que sufrimos día a día; e por desgracia todas e cada unha das mulleres que estamos aquí sentadas. Somos a voz das mulleres que xa non están e polo tanto, todas temos a nosa parte de responsabilidade neste eido. Na rúa e na vida queremos ser libre e non valentes. Quero ser libre para falar, para moverme e desprazarme no día a día, tomar as decisións que me competen e que afecten a miña vida. A liberdade so se consegue cando non hai medo, porque con medo se coarta a liberdade. Quero falar e dar a miña opinión, guste ou non guste. Non teño porque ter medo cando saia a rúa, sexa de día ou de noite. Non teño porque ter medo a que me agredan sexualmente. Non entendo porque por ser muller, os meus medos e preocupacións son maiores que as de un home. Quero cobrar o mesmo que un home cando realizo o mesmo traballo. Mentras non se poñan os medios para ter independencia, para non depender de ninguén, non son libre para tomar decisións que me competen e afecten a miña vida. Non teño porque estar condicionada economicamente polo único feito de ser muller. Educalos a eles para non matar. A educación é clave para intentar erradicar a violencia, pero a educación é principalmente para os homes, pero tamén para algunha das mulleres. Nunha sociedade do primeiro mundo, no que estamos, e tanto presumimos, a muller é un ser humano, unha persoa igual que un home, a que nin se lle mata nin se lle agrede. A educación hai que realizala en toda a sociedade, comezando nas familias e nos centros educativos dende o inicio da escolarización, eliminando todo tipo de estereotipos na nosa vida diaria. Pero tamén hai que educar as distintas Administracións. Esixindo que sexan as mulleres as que decidan libremente e eliminando toda referencia patriarcal de supervisar ou coordinar as decisións que deba adoptar unicamente a muller que é a principal afectada. E tamén hai que implicar a todos os medios de comunicación que deixen de utilizar a muller como un floreiro ou un adorno, porque a muller ten a suficiente intelixencia para decidir. A muller se lle respecta, sempre, en todo momento e aínda que cambie de opinión. Esta é a opinión que comparten moitos dos homes e moitas das mulleres”

A sra. Castro, manifesta que están de acordo coa moción, porque é un problema de primeira orde durante moito tempo ocultado, e é imprescindible que a sociedade se manifeste, que hai que dar un paso na elaboración do protocolo en todos os casos de violencia machista non solo a violencia sexual, é importante contar cos órganos xudiciais. A concellería da muller están dando pasos para poder dar forma a este protocolo. É imprescindible educar aos nosos pequenos/as, na igualdade, e incorporar ao currículo a formación para igualdade. Solo educando en igualdade podemos vivir en igualdade.

A sra. Amoedo, di que é un problema de todos, que é increíble que en pleno século 21 se siga violando, acosando, asasinando, traballando mentalmente as mulleres para facerse donos, que é un traballo que debemos reforzar dende abaixo, coa educación, inculcando dende a casa que todos debemos estar no mesmo nivel. Esta moción trae cuestións interesantes e sobre todo realidade.





Moitas destas cuestións xa se están levando a cabo dende a Xunta de Galicia xa contan cun protocolo, quenda de garda psicolóxica de atención inmediata , 24 horas do día, 365 días do ano, en educación igualdade en todos os niveis educativos, plan de educación para igualdade en todos os centros de Galicia 2016-20. Coordinación entre as distintas consellerías, impulsando dende a Concellería de Educación 3 millóns de euros para accións, Consellería do Deporte, 1,5 millóns a través de convenios, distintos convenios coas universidades, colexio oficial de traballadores sociais, colexio de psicoloxía, pero hai que seguir avanzando, dende a Xunta e concellos traballar coordinadamente para que se deixen de asasinar mulleres e deixar orfos fillos que sofren a violencia nas súas familias.

A sra. García, di que vai a estar de acordo coa sra. Amoedo claro que hai avances, que a violencia sexual se inclúe na violencia machista gracias a unha proposta do BNG e o PSOE. Non se inclúe a violencia sexual no código penal como violencia machista, e por elo non hai acceso a esta axudas. Teñen que quedar a un lado os discursos que se fan polo 25 de novembro, e o que fan falta son recursos. Por certo, sorprendidos que chegara unha convocatoria para o Consello Forestal, o día 25 de novembro as 20:00, que son pequenos de detalles que debería cambiar pouco a pouco.

Non pactar cos partidos que negan os feminicidios e dotar con recursos económicos. Non chegamos ao 1% do orzamentos.

Que xa se están poñendo en marcha distintas accións cos axentes implicados, recordar que temos o consello da muller e todas estas cuestións se deben tratar alí.

A sra. Couñago, lle sorprende que se intente sacar tanto rédito político con este tema que afecta a tantas mulleres. O consello forestal si se convocou para o 25 de novembro, a secretaria é unha funcionaria que tivo total liberdade para escoller o día e a hora e así o fixo por motivos de conciliación, non foi unha decisión política senón polo persoal que asistiu a comisión.

Todas as mulleres deben de poder decidir libremente as súas ideas e iso non implica que sexan mais ou menos feministas, non temos por que coincidir senón na idea principal, que hoxe hai mulleres que morren por homes pola súa condición exclusivamente de muller.

A sra. Castro, aclara que no último consello xa se falou sobre o esbozo do protocolo que por suposto que ao concello tratará este tema. Mostrar o noso apoio a todas as vítimas, compartimos a súa causa e a súa dor, orgullosos de ter posto en marcha lei contra a violencia de xénero e impulsar o pacto contra a violencia de xénero, que están ao lado das mulleres, coa batalla contra os maltratadores.





A sra. Amoedo, a Sra. Couñago dille que aquí se trae unha moción para traballar, para que se adoitén medidas para axudar a esas mulleres a saír do pozo.

Detalles que se eliminase o minuto de silencio diante do concello os luns e mércores, non o comparte.

Hai 4165 mulleres que reciben axuda da Xunta de Galicia, hai axudas económicas directas, que se está facendo un bo traballo, e non lle parece ben que non se recoñeza.

Solicita eliminar o punto 2 para apoiar esta moción o ben votar os puntos por separado.

A Sra. García, responde que non a van a aceptar porque lles parece relevante que apareza o do 1%.

A linguaxe inclusiva, retirada dos minutos de silencio están en contra, que o consello forestal depende do Concello, está gobernado por políticos, e non se pode botar a culpa sempre aos funcionarios, a Secretaria, o Interventor.. O Concello de Redondela xa avanzou porque a maior parte da Corporación somos mulleres e hai que ter visión de xénero nas accións do concello.

O BNG non acepta a emenda e tampouco os puntos por separado.

A sra. Alcaldesa di que hai outra moción do 25 de novembro do PP no que se aclarará o tema dos minutos de silencio, porque non é un tema para xogar.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 abstencións do PP.

A sra. Amoedo pide aclarar o voto do seu grupo.

A sra. Alcaldesa di que como ve, se pode explicar o voto non so cando se vota en contra.

A sra. Amoedo explica que estarían a favor de apoiar a moción si se tivera en conta a emenda proposta polo PP ou si se votase por puntos; consideran que xa hai puntos que se están a cumprir e levando a cabo.

Receso ás 21:55 horas. Retomase o Pleno ás 22:15 horas





7.2.2 Moción do PP sobre 25 novembro: Día Internacional da eliminación da Violencia contra a Muller.

ANTECEDENTES:

Moción do PP relativa sobre 25 novembro: Día Internacional da eliminación da Violencia contra a Muller, con entrada no Concello o día 21.11.2019 con número 2019-E-RE-2.793 que se transcribe a continuación:

“O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller, o Convenio de Istambul, aprobouse no ano 2011 e, España o ratificou no ano 2014.

A importancia do Convenio estriba en que supón o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de violencia contra a muller, é o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave violación dos dereitos humanos, establecendo unha tolerancia cero con respecto á violencia cara á muller.

A violencia contra a muller recoñécese no Convenio como unha violación dos dereitos humanos e como unha forma de discriminación, considerando responsables aos Estados se non responden de maneira adecuada.

Os fundamentos do Convenio son:

1. Previr a violencia, protexer ás vítimas e establecer accións xudiciais contra os agresores.
2. Sensibilizar e facer un chamamento a toda a sociedade, especialmente aos homes e nenos, para que cambien de actitude e rompan cunha cultura de tolerancia e negación que perpetúa a desigualdade de xénero e a violencia que a causa.
3. Destacar a importancia dunha actuación coordinada de todos os organismos e servizos oficiais pertinentes e a sociedade civil.
4. A recollida de datos estatísticos e de investigación sobre todas as formas de violencia contra a muller.

O Convenio contempla como delito todas as formas de violencia contra a muller. Isto implica que os Estados deberán introducir nos seus sistemas xurídicos estes delitos.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Redondela presenta as seguintes propostas de Acordo:





Instar ao Goberno do Estado a:

1. Modificar a LEI ORGÁNICA 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contra as mulleres, conforme ao Convenio de Estambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.
2. Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero

Instar ao Goberno Galego a:

1. Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.

Instar ao Goberno do Concello de Redondela a:

1. Realizar unha campaña de sensibilización social contra a trata con fins de explotación sexual coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra.
2. Modificar as ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.
3. Constituir a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, xa que constitúe un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Bastos da lectura a moción.

A sra. García, ao PP recorda que é violencia obstétrica pechar paritorios en Verín. Hai que ir contra as políticas que son involución. Hai que ver o que pactamos noutros concellos.





A sra. Couñago, sempre que haxa una moción a favor da defensa da muller e que implica a defensa das liberdades e dereitos das mulleres, pero sorprende que a traian agora que deixaron o goberno. Esta moción falta de todo tipo de violencia contra as mulleres, e tendo en conta as manifestacións da Sra. Alvarez de Toledo, di que solo hai consentimento cando se di si, alto e claro: “E si mulleres do PP. Non é non, diga cando o diga, sexa antes durante ou despois. Non é sempre non, e se respecta. E si mulleres do PP. So hai consentimento cando se di que si. E un si alto e claro. E un si expreso e manifesto e con plena vontade de coñecemento, e se respecta. E as persoas, homes e mulleres que non entendan o que acabo de dicir, que un non é un non, e un si é un si; non respectan os dereitos das persoas. Porque sendo muller ao mesmo tempo son persoa. E como muller é unha vergoña que hoxe en día, en pleno século XXI, se mate a unha muller polo feito de ser muller, por non someterse ou dobregarse a vontade dun home.”

Chamar a atención de que hai dúas mocións porque non se poñen de acordo dous partidos políticos que o entende, pero que esa realidade é así e se perde a idea central, non a violencia do tipo que sexa.

A sra. Castro, o PP insta ao goberno de Redondela e en catro anos tipo tempo suficiente para poñer en marcha este tipo de medidas, que os grupos da oposición trouxeron e non se tiveron en conta. Que no día da charla na trata contra a muller, contraprogramou un acto electoralista na mesma hora e lugar sobre a peaxe de Rande.

Que o punto da modificación debería ser un rogo non unha moción. Respecto á constitución mesa contra a violencia de xénero, que non saiban que esta mesa xa está constituída, é que a última reunión foi no ano 2017. Este goberno xa está en marcha para convocala se ben se require coordinación cos outros organismos.

A sra. Bastos, manifesta que “as mulleres do PP” sona algo insultante. Que xa hai axudas anuais, programas de prevención psicoloxía, acollemento, asesoramento xurídico, programa de apoio a menores,... Creo que si hai que deixar a parte a política é en este caso. Que non lle parece ben que o día que se celebra a loita contra violencia de xénero non houbera unha declaración institucional neste Concello.

A sra. Alcadesa, explica que si se fixo declaración institucional por un director do instituto, feita polos centros e polo CIM.

A sra. Bastos di que si non teñen dereito a acudir a ese acto.

Nos últimos oito anos se fixo cos nenos dos institutos, se acordou no Consello da Muller, se quixo que todos participaran xunto co CIM.





A sra. García, A situación a que nos levou o PP e estudar na universidade e traballar e nalgún momento pode acontecer que non poida acudir ao consellos da muller. En todo caso o Consello Municipal da Muller esta para facer alí as propostas. Saber o PP de que parte está; das mulleres, ou da ultradereita machista e rancia. O que non se pode vir aquí a facer un lavado de cara.

A sra. Couñago, explica que non se acordou a eliminación do minuto de silencio, que se fai nas parroquias cando se inician as actividades, esa decisión foi adiotada por maioría, que non se fixera no centro de Redondela.

Aclara que se terxiversa a realidade cando se di que se bota a culpa aos funcionarios pola data do Consello Forestal, senón que o que se dixo é que se lle deu plena liberdade para elixir o día.

Benvidas sexan as medidas, pero a realidade é a noticia das mulleres asasinadas, todas as medidas son insuficientes, e non se aposta suficiente pola educación.

As mulleres deben vivir en liberdade, e eso se consegue cando hai independencia económica fundamental.

A sra. Castro, agradece que se aclarara o minuto de silencio, programado.

O sr. González, di que ese argumento non se corresponde con esta moción.

A sra. Alcaldesa contesta que na moción anterior se dixo que se aclararía neste momento.

A sra. Castro manifesta que todas as iniciativas respecto á violencia machista van a ser apoiadas.

A sra. Bastos, expón que dende a Xunta creouse un programa laboral para apoiar as vítimas na inserción laboral, saíu no mes de xullo a primeira convocatoria, e incluso unha segunda e Redondela non se acolleu ás axudas. Vostede ten a máxima responsabilidade da perda de esta axudas.

A sra. Amoedo, parécelle unha falta de respecto que a Alcaldesa este a falar co interventor, eso é o que lle importa a violencia de xénero.

A sra. Alcaldesa, non vou a consentir a súa demagogia, está aclarando co interventor. Lle implementa o tempo 15 segundos.

Outros Concellos teñen estas subvencións, nós non as temos. Pídlle a maior dedicación, respecto e traballo para esta concellería e que non quede nun discurso. Dereitos que non se poden perder para as mulleres vítimas da violencia.





A sra. Alcaldesa, expón que como responsable de igualdade, está aclarando co interventor. Que a solicitude destas axudas se intentou pero non se podía porque non se acollían aos criterios que tiñamos no concello, xa a Sra. París tiña coñecemento disto. Hai que ser sensible con este tema e non falar sen dar a información. Que lle da igual de onde veñan as axudas. Que no mes pasado este Concello sufriu un problema cunha muller para buscarlle acollida, este día gracias ao Concello de Vigo que nos deu a axuda, porque a casa de acollida de Vigo non ten prazas para acoller a ningunha muller.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, e 03 de AER) e 02 en contra do BNG.

7.2.3 Moción Conxunta, sobre reclamación do Terceiro Xulgado no Partido Xudicial de Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción Conxunta, PSOE, AER e BNG sobre reclamación do Terceiro Xulgado no Partido Xudicial de Redondela, con entrada no Concello o día 21.11.2019 con número 2019-E-RPLN-22 que se transcribe a continuación:

Conxunta de todos os grupos, uníndose o PP na xunta de voceiros, onde se acordou ceder a xustificación ao grupo socialista.

“Que en febreiro do 98, xuño do 2004 e xuño de 2017, remitiron sendos escritos, poñendo de manifesto a situación de atasco e carencia de persoal nos Xulgados de Redondela, co fin de que o Concello Pleno tomara en consideración tal situación dirixíndose ao Organo competente, en reclamación de solucións.

Atopámonos a finais de 2019, e a situación manténse aínda mais acentuada.

O dous xulgados, manteñen os mesmos traballadores que hai vinte anos. As demandas e denuncias que tramitan triplicáronse e seguen en marcha ascendente, ano tras ano.

A poboación do partido xudicial aumentou considerablemente, superando o número de 42.000 habitantes censados, e seguen sufrindo as carencias dos seus dereitos a unha xustiza xusta.





Os sindicatos dos funcionarios dos xulgados, en datas recentes expuxeron á Dirección Xeral de Xustiza, as carencias dos Xulgados onde traballan, e din que é urxente que se aumente o cadro de persoal en dous funcionarios máis en cada xulgado e un terceiro, para o xulgado que asuma as competencias do Decanato, considerando que esa solución non deixa de ser un parche. A solución real é a creación dun terceiro xulgado, como teñen os partidos xudiciais limítrofes de Vigo, como son Cangas do Morrazo, Ponteareas, O Porriño e Tui.

Por todo isto, SOLICITAN

Que esa Alcaldía tome en consideración as reivindicacións expostas, levándoas ao Pleno do Concello, para adoptar por unanimidade, a decisión de dirixirse á Dirección Xeral de Xustiza, en reclamación da creación dun Terceiro Xulgado no Partido Xudicial de Redondela.”

INTERVENCIONS:

O sr. Cabaleiro, lee a moción.

Acompañan a esta moción unha serie de firmas de profesionais do sector da xustiza.

O sr. González, di que este é un tema recorrente nos últimos anos é a presentación dun escrito nesta liña, xa se fixo en xaneiro 2016 o BNG trouxo unha moción para a petición da terceira sala, que foi aprobada coa abstención do PP. Hai datos suficientes para que haxa este Terceiro Xulgado, redundando ademais nas condicións dos traballadores, na prestación dos servizos aos veciños. Que Redondela non ten terceiro xulgado por falla de presión política.

A sra. Couñago, explica que é necesario que o persoal conte con medios persoais e materias e isto redunda na prestación do servizo público aos veciños/as de Redondela.

Sorprende que durante dous anos non foi prioritario defender os intereses de Redondela, na prestación dun bo servizo para os cidadáns, non se entende que se teñan os mesmos medios como fai 20 anos cando se creou o segundo xulgado. É necesario un terceiro xulgado pero a primeira medida e dotar de medios persoais e materiais. Se solicita unha persoa de reforzo e materiais como unha fotocopiadora e non se lle da.

Hai dous xulgados que levan cuestións civís e penais, e están saturados, un deles tipo un seguimento polo TSX. O director de xustiza de Galicia veu a Redondela, pero ogallá que viñera con medios.





A sra. Amoedo, expón que hai unha clara necesidade e non a vamos a poñer en dúbida, pero hai que dicir as cousas como están, a competencia para a creación dos novos xulgados é do Estado. Non fagamos crer a cidadanía que a solución está na Xunta de Galicia, que solo emite informe vinculante, no trámite do Real Decreto de creación de novos xulgados.

O sr. Cabaleiro, di que a moción ven abalada polos profesionais e colectivos que fan unha reclamación desta necesidade. Máximo respaldo a esta reclamación que nunca se reclamou de forma firme polo goberno do PP. Incluso nos momentos de maior colapso, non puxeron o ímpeto necesario. Un partido xudicial como Redondela que non conte cunha terceira sala, é un verdadeiro agravio comparativo.

O director xeral de Xustiza, recoñecía que os redondeláns necesitan ese xulgado pero en plena campaña electoral.

O sr. González, di que o obxectivo primeiro é o da creación do terceiro xulgado, pero apoiarán a moción pola boa vontade dos propoñentes.

A sra. Couñago, di que a xunta de Galicia é responsable do material e do persoal, coinciden na necesidade do terceiro xulgado pero tamén outras cousas coma a implementación de medios e non van a permitir que marche o xulgado de Redondela.

A sra. Amoedo, pregunta qué fixo este gran goberno, progresiva e de esquerdas para pedir con ímpeto este xulgado. ¿Cantas conversas tiveron co director xeral ou con Alfonso Rueda?.

Que é unha comisión a que propón segundo as necesidades quen require dun novo xulgado. É unha comisión mixta que non está conformada por políticos, por qué a Xunta non vai querer un novo xulgado para Redondela.

Apoian esta moción porque é boa para Redondela pero a xente ten que saber que quen acorda é o Ministerio de Xustiza de Pedro e Pablo.

O sr. Cabaleiro, explica que todos temos un respecto profundo a xustiza, que faltou o respecto o director xeral porque non foi quen de chamar á Alcaldesa nunha visita institucional. Foi unha visita electoralista e simplista. Veu a poñer un parche a inaugurar unha pantalla de ordenador. E unha falta de respecto a toda a cidadanía.





VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

O concelleiro Villar, retiran a moción sobre a defensa da ría.

7 . 3 Rogos e preguntas.

A sra. Alcaldesa pide que faga a formulación da proposta de actuación.

Pon de manifesto as risas e falta de respecto de certas persoas do grupo popular durante todo o pleno.

ROGOS:

Rogos formulados polo GPM PP relativa ao Centro Social en Quintela (Rex. Entrada 27.11.2019, 2019-E-RPLN-24).

“Mediante resolución da Alcaldía núm. 3643/2018 de data 19.12.2018 iniciouse o expediente para a contratación da obra de Instalación dun centro social recreativo nos terreos cedidos por Adif-Av en Quintela, Redondela, financiada con cargo ao Remanente de Tesourería , cun orzamento que ascende a 367.064,96 euros. Por resolución do mesmo órgano de data 20.12.2018 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP), de data 17.12.2018, aprobouse o expediente de contratación e o gasto por importe de 367.064,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3330A/6320038 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente, e acordouse a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento aberto simplificado para a contratación da devandita obra.

O día 13.02.2019 tivo lugar o acto de exame da documentación contida no Sobre Único Electrónico das catorce empresas licitadoras presentadas ao procedemento aberto simplificado .

Conforme ao acordado pola Mesa de Contratación,efectuouse electronicamente o requirimento a empresa licitadora que presentou a mellor oferta, e esta presentou no Rexistro xeral do Concello o día 01.03.2019 co núm. 2953 documentación que foi remitida á Secretaría e á Intervención municipal para o seu exame. Comprobado que o aval presentado en concepto de fianza definitiva





no se axustaba ao modelo do Anexo V do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, se requiriu á empresa para que procedese a súa enmenda e presentou no Rexistro xeral do Concello o día 02.05.2019 co núm. 5839 a nova fianza definitiva. En xuño esta obra xa estaba adxudicada o único que quedaba por facer era abrir os sobres de adxudicación da Dirección de Obra, para o que este goberno bipartito precisou máis de dous meses xa que non se adxudicou ata o 29 de Agosto, todo isto despois de que os representantes da Asociación de Veciños de Quintela fisexen unha auténtica peregrinación o Concello, día sí e día tamén, sin conseguir absolutamente nada, so xustificacións peregrinas ante a deixadez do goberno.

Pois ben, a día de hoxe sabemos que esta obra non se vai facer, no que queda de ano, xa que ante a incapacidade deste goberno, a que a empresa renunciou ante a imposibilidade de poder facer a obra dun xeito adecuado no prazo que lle quedaba ata rematar o ano.

Dende xuño que vostedes tomaron posesión non foron quen de levar acabo unha obra prioritaria para a Parroquia de Quintela, o que supón unha frustación para estes veciñ@s que tanto loitaron por acadar un espacio como o que teñen as 12 Parroquias restantes, demostraron unha falta de sensibilidade total, ademáis de enganar os veciñ@s con falsedades e excusas que os levaban a un camiño sen saída. Por todo o aquí exposto e a piques de finalizar o ano 2018, vendo a lentitude ca que traballan e sobre todo a falta de rigor nas súas xestións, creemos moi necesario facer o seguinte Rogo:

ROGAMOS A Alcaldesa Digna Rivas que unha vez prorrogados os presupostos en Xaneiro xa pode consignar a partida para a inversión , polo que se comprometa a facelo e si non a garantir que o incluirea nas inversións do Plan Concellos 2020 para que se leve acabo a obra da Construcción da Casa da Cultura de Quintela durante o ano que ven, e que se faga un seguimento sobre o prazo de validez das autorizacións sectorais das distintas administracións para renovalas antes de que caduquen.”

INTERVENCIONES:

A sra. Amoedo, en referencia á obra non existente, en xuño xa estaba adxudicada solo faltaba abrir os sobres, peregrinación dos veciños ao Concello, sen resultado, e despois renuncia a empresa.





Rogos formulados polo GPM PP relativa ao Semáforo en Angoren (Rex. Entrada 27.11.2019, 2019-E-RPLN-24).

“O pasado día 10 de Setembro, fai máis de dous meses e medio os Os veciños do barrio Angorén de Chapela sairon a rúa a protestar porque están cansados ??de xogar a vida todos os días para cruzar a estrada N-552. Medio cento de veciños saíron para concentrarse na intersección desta estrada coa subida a Río Frío, un punto no que levan anos reclamando medidas de seguridade viaria polo risco de ser atropelado.

Os veciños da zona reclamaron a instalación dun semáforo cun pasarrúas neste tramo da estrada que une Vigo e Redondela pola que circulan ao día uns 15.000 vehículos, unha medida coa que queren evitar o risco que corren a diario. cruza a estrada nunha zona na que tamén hai acceso ao colexio público Alexandre Bóveda.

Pois ven o 19 de setembro sae publicado nos medios a boa nova de que nun mes ese Semáforo estará colocado nesta estrada Nacional, algo que nos encheu de ledicia a tod@s, xa que nos cando estabamos gobernando o solicitamos de xeito reiterado, e o Sr. González e o Sr. Del Río, o que nos deron como resposta foron excusas e xustificacións pouco cribles . Según os medios e cito literalmente" En el encuentro se informó por parte del Ayuntamiento que en los próximos días técnicos de Fomento indicarán el lugar y las condiciones que deberá tener el punto en el que se instale el semáforo así como las restantes señales verticales y horizontales que deberán acompañarle. Después será el propio Concello el que se haga cargo de la instalación de mismo. Fuentes del Anpa aseguraron que esperan que el nuevo semáforo sea una realidad en un mes, asegurando que “la reunión fue muy fructífera y salimos muy satisfechos”.

"La próxima semana se iniciarán los trabajos para la instalación de un semáforo en la N-552, a la altura del colegio Alexandre Bóveda, en Angorén. La noticia fue conocida ayer por los integrantes de la comunidad escolar y los vecinos en la reunión que la alcaldesa, Digna Rivas, mantuvo con el colectivo ".

Unha vez máis venden fume, e a realidade volta a mostrar que detrás do photocall non hai nada. Dous meses e medio despois destas declaracións nin hai nova sinalización, nin hai semáforo.

Por todo isto ROGAMOS a Alcaldesa Digna Rivas e o Concelleiro de Tráfico Leonardo Cabaleiro que reclamen de forma contundente os responsables de Fomento, e decir, a Sra. Maica Larriba Subdelegada do Goberno, e o Sr. Angel del Río, máximo responsable de Fomento en Galicia, que coloquen o máis que necesario semáforo e que deixen de por en risco os nen@s que tódolos días teñen que cruzar esa Nacional.”

Lle pide a sra. Alcaldesa que se centre no rogo.





A sra. Amoedo, expón que se fixeron declaracións do goberno de inicio dos traballos o 10 de setembro, de que nun mes estaría o semáforo colocado e non está.

E sendo as once horas e trinta e tres minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

